

**ORGULLO E REIVINDICACIÓN  
NA EDUCACIÓN AMBIENTAL**

# NATURALMENTE DIVERSAS



**ESTUDO PRELIMINAR PARA A ELABORACION  
DUNHA GUÍA PARA INCLUÍR A PERSPECTIVA FEMINISTA  
E SEXODIVERSA NA EDUCACIÓN AMBIENTAL**



**ADEGA**

*Asociación para  
a Defensa Ecolóxica de Galiza*




Todo o material elaborado nesta proposta utiliza o feminino xenérico, como fórmula de linguaxe inclusiva, por acordo da equipa de traballo.

Na escolla das imaxes decidimos priorizar a diversidade, en liña cos obxectivos deste proxecto, por iso aparece fauna que non é autóctona. A imaxe de portada, utilizada con fins educativos, é da fotógrafa Roeselien Raimond.

Equipa de traballo: Ángel Enrique López Pérez, Mar F. Cendón e Iria Vázquez Silva

---

# ORGULLO E REIVINDICACIÓN NA EDUCACIÓN AMBIENTAL



Este 28 de Xuño ADEGA súmase á reivindicación dos dereitos da diversidade sexual e celebra o orgullo defendendo un ecosistema diverso, tanto no eido natural coma no social. Defensas, que desde ADEGA pensamos que son máis que necesarias para a construción dunhas sociedades máis xustas, igualitarias e ambientalmente sostibles.

Hoxe, 28X, cúmprese 50 anos dos disturbios de Stonewall en Nova Iorque, xermolo da loita .

pola conquista dos dereitos LGTBIQ+. Mais, cincuenta anos despois, a lgbtfobia e o machismo seguen estando moi presentes nas nosas sociedades. Así comprobamos que, a pesar desta aparente aceptación social, a comunidade LGTBQI+ segue a ser un dos colectivos que máis delitos de odio sofre no estado.

A súa vez, o capitalismo tenta apropiarse do movemento a través das estratexias do mercado rosa, que tratan de asimilar a diversidade

de mentres, calquera que non se asemelle ao modelo normalizado de home gai, cisxénero, branco, occidental, de clase media e sen diversidade psíquica, física ou sensorial diagnosticada, segue a vivir realidades atravesadas polas violencias.


Isto dá lugar á adquisición de roles e funcións dentro do colectivo LGTBIQ+ en función dos privilexios asignados polo heteropatriarcado, o que provoca exclusións e fobias dentro da comunidade LGTBIQ+, como é o caso da plumofobia, da transfobia, do racismo ou da invisibilización das identidadeslésbicas, entre outras.


ADEGA pretende contribuír á abundancia da diversidade coa elaboración dunha guía crítica de boas prácticas para rachar con actitudes excluíntes e discriminatorias coa comunidade LGTBQI+ dentro das actividades de Educación Ambiental. Este traballo busca facilitar un espazo para converter á EA nunha ferramenta real máis aberta e inclusiva para a transformación social e ambiental da nosa contorna máis inmediata.

## Mulleres LGTBIQ+, unha dupla discriminación na EA

ADEGA desenvolveu entre os meses de marzo a maio a enquisa Naturalmente Diversas, co fin de recompilar información para a elaboración dunha guía crítica de boas prácticas para á inclusión da perspectiva feminista e sexodiversa no eido da Educación Ambiental. Participaron 214 persoas, das cales 143 identificáronse como mulleres, 59 como homes e 12 fóra das categorías binarias na opción de outros. Desde xa agradecemos enormemente o seu tempo e o seu apoio a este proxecto.

Entre todas as respostas recibidas, no tocante á orientación sexual un 61,90 % das persoas participantes definiuse como heterosexual (69,84 % mulleres e 30,5 % homes), fronte ao 38,1 % que se incluíu dentro do colectivo LGTBQI+ (7,62 % como gai, 4,76 % comolésbica, 23,80 % como bisexual e 1,90 % como pansexual).





De todas as participantes, un 43,4 % responderon afirmativamente ante a pregunta de se algunha vez experimentaron algunha práctica discriminatoria en actividades de educación ambiental por cuestión de xénero e/ou por orientación sexual, fronte a un 56,6% que responderon que non. Deste 43,4 %, un 43,83 % corresponde con persoas que se definiron como mulleres heterosexuais e un 43,83 % como parte do colectivo LGTBIQ+ (24,65 % mulleres bisexuais, 6,84 mulleres lésbicas e un 12,32 % homes gais), mentres que un 12,32 % se definiu como homes heteros. Isto permítenos concluír que **as mulleres e a comunidade LGTBIQ+ experimentan e recoñecen no seu día a día máis prácticas de discriminación**, ás a EA non é allea.

Entre as as violencias e prácticas de discriminación identificadas por este 43,4 %, destacan principalmente diferentes prácticas como a linguaxe sexista, o paternalismo, as bromas e prexuízos, a falta de representatividade, a división de tarefas por xénero e a invisibilidade, ademais de ser detectadas outras prácticas como o machismo, a cousificación, a invisibilidade da opinión, a LGBfobia, transfobia e a marxinación no grupo, así como acoso.

Pola súa banda, no ámbito laboral, un 39,1 % responderon ter experimentado algunha discriminación no desenvolvemento da actividade profesional e un 25 % recoñeceu que algunha vez actuou ante algunha práctica discriminatoria. Por tanto, os resultados demostran a existencia de actitudes e condutas desiguais e discriminatorias baseadas na identidade sexoxenérica e na orientación sexual na EA.

# POR UNHA EA INCLUSIVA E DIVERSA

A nosa intención é iniciar un labor de análise crítica e de raíz da práctica profesional e a participación voluntaria nas actividades de Educación Ambiental. Este traballo ofrécenos a oportunidade de partir das propias experiencias das participantes e, desde aí, facilitar un medio para recoller estas vivencias e tratar de crear unha ferramenta colaborativa que poida servir como punto de partida para a reflexión.

A nosa experiencia fainos confiar en que, partindo do individual, podemos construír alternativas significativas e máis amplas para a transformación social. Convidámosvos a xutarvos a nós neste proceso pensando sobre o voso propio que facer e sobre aquelas cuestións que xa tedes incorporadas e aquelas outras que temos máis dificultade de identificar para, todas xuntas, facer actividades de educación ambiental moito máis abertas, inclusivas e respectuosas que coloquen a vida no centro.

- Como nos diriximos e nos relacionamos coas persoas do grupo? Incluimos a todas? Respetamos a súa diversidade? Incorporamos as diferenzas como un valor? Experimentamos como incorporalas nas nosas formas de estar e de relacionarnos?
- escoitamos e atendemos por igual a todas as persoas? De verdade, facémolo? Que voces teñen máis autoridade? Cales se escoitan máis? Cales menos? Hai dispoñibles outras formas de participar? Teñen todas o mesmo valor?
- Prestamos atención a non reproducir prexuízos e estereotipos baseados en calquera construción social? Atendemos a que non se repitan os roles de xénero? Coidamos a distribución do traballo?

---

Teñen todas as tarefas a mesma visibilidade? Cales facemos nós?

- Mantemos espazos libres de violencias machistas ou homolesbobitránsfobas? Sinalamos as actitudes discriminatorias? Actuamos de forma preventiva ou só cando sucede algo? Recoñecemos as violencias que se exercen sobre todas as persoas? Sabemos como actuar?

Este é só o punto de partida de un proceso longo que trata de cuestionar o modelo de socialización heteropatriarcal e crear alternativas que fagan máis vivibles as vidas de todas. Nos próximos meses elaboraremos con máis detalle a nosa proposta de guía crítica *Naturalmente Diversas para a inclusión da perspectiva feminista e da sexodiversidade nas actividades de Educación Ambiental*.

Se tes algunha consulta, dúbida, ou queres facer algunha achega, podes escribirnos ao correo-e [adegavigo@adega.gal](mailto:adegavigo@adega.gal).

Grazas!

Galiza, 28 de xuño de 2019  
ADEGA

